


*ATRÉVESCHE A ASOMARTE
Á FIESTRA GALEGA
DA IGUALDADE?*




Josemariasuarez-2009


GUSTARÍACHE COÑECER O QUE SE
ESCONDE
NO CORAZÓN DAS...




MULLERES
MÁIS ENTREGADAS Á SÚA
PROFESIÓN,
MÁIS IMPLICADAS CO SEU
ENTORNO?




TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...

JODIE FOSTER MATTHEW McCONAUGHEY

On July 11th,
take a journey
to the heart
of the universe.

CONTACT


WARNER BROS. PRESENTS
A SOUTH SIDE AMUSEMENT COMPANY PRODUCTION A ROBERT ZEMECKIS FILM
JODIE FOSTER MATTHEW McCONAUGHEY "CONTACT" JAMES WOODS JAHN HURT TOM SKERRITT ANGELA BISSETT
ALAN SULLIVAN ARTHUR SCHNITZ EDWARD VERREALT DON BURRESS GARY BISHOP ANN DRYDEN JON BRADSHAW JENNA CUST
CARL SAGAN ANN DRYDEN CARL SAGAN JAMES V. HART MICHAEL COLLAPENBERG ROBERT ZEMECKIS STEVE STUCKEY

PG PARENTS STRONGLY CAUTIONED
SOME MATERIAL MAY BE OFFENSIVE TO CHILDREN
www.contact-themovie.com

ROBERT ZEMECKIS

WARNER BROS. PICTURES

TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...

KATHY BATES

JESSICA TANDY

FRIED GREEN TOMATOES


AT THE WHISTLE STOP CAFÉ



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...




TI PODERÍAS SER ELA...




TI PODERÍAS SER ELA...

Diario de Ana Frank



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...

Jane Austen





Orgullo y
Prejuicio



Colección Malva

Gradifco

TI PODERÍAS SER ELA...




TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...



TI PODERÍAS SER ELA...



*ENTREVISTA ás MULLERES
"DONAS DE SÍ"*

do IES "ÁLVARO CUNQUEIRO"
VIGO, XUÑO 2020



1. PROFESORAS IMPLICADAS

1.1. SUSANA GONZÁLEZ VÁZQUEZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

Directora durante o curso 2019-20

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

O meu foi un nomeamento obrigada pola Administración.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Como directora, son a representante da Administración no centro.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Afouteza, empatía e moita vocación. E un chisco de sentido do humor ;)

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

O que máis pesa é a responsabilidade. Pensar que ás veces están nas túas mans decisións moi importantes para menores de idade.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Por suposto. Asumir a responsabilidade da dirección fixo que restase tempo de dedicación á miña familia e amigos/as.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

En xeral, o meu traballo e o do equipo que me acompañou foi ben acollido pola miña contorna laboral e persoal.

8. Tes disfrutado de algunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

Non.

9. Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Sempre sentín que era alguén importante e respectada para o meu alumnado e compañeiros/as. O cargo non engadiu nada que non gozase anteriormente.

10. Adquiriste algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Claro que si! Aprendín moito do trato cos compañeiros/as e familias.

11. Axudouche a madurar? En que aspectos?

A vida é unha aprendizaxe constante e nun equipo directivo, tamén. Aprendín a ver os meus compañeiros/as doutro xeito, máis humano, apreciando valores que ata este intre me podían ter pasado desapercibidos.

12. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

A experiencia fíxome empatizar con aqueles/as que desenvolven un cargo directivo, no ensino ou fóra do noso ámbito. Tomar decisións non sempre é fácil!

13. Disfrutaches deste posto?

Non. Son unha persoa de natureza respectuosa e independente. Ser directora fíxome saltar barreiras que, en condicións normais, non tería superado.

14. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, nunhas poucas liñas? Intenta ser autocrítica.

Puiden deixar de ser directora? Non. Daquela só me quedou aproveitar a experiencia para medrar como persoa, intentando poñer en primeiro lugar o benestar do alumnado, defender a calidade do ensino público e facilitar, na medida do posible, o traballo dos meus compañeiros/as.

VALORACIÓNS SEXISTAS

15. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Coido que a presenza maioritaria de mulleres no ensino favorece que poidamos estar en postos directivos en igualdade cos homes. Cada un leva a dirección segundo sexa a súa personalidade. Non creo que se trate de home/muller senón de maneiras de ser. As calidades que debe ter un director/a, para min, están lonxe de ser adxudicadas a un home ou a unha muller.

16. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de

estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Son postos moi diversos. Non creo que sexa cuestión de sexo, senón de interese, motivación, personalidade...

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Coido que, afortunadamente, esta situación está a cambiar, froito da educación en igualdade e non sexista, de familias e centros de ensino.

18. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse os teus compañeiros docentes?

Arrastramos expresións e algún actos adquiridos que se poderían cualificar como sexistas, si. Mais tamén aprecio vontade por eliminalos.

19. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de concebir a docencia?

Non. Creo que se trata de distintas maneiras de ver o ensino, adaptadas aos principios éticos e valores do profesorado, non do seu sexo.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Coido que son aspectos relacionados coa motivación e capacidades cognitivas da persoa, non do seu sexo.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Dende o meu punto de vista, o traballo en equipo mellora con achegas diferentes, sempre dende o respecto. O importante é consensuar. Ás veces, ceder e outras tratar de impoñer o teu punto de vista. Non creo que se trate dunha cuestión de xénero senón de personalidades.

22. Pensas que maduran a unha idade diferente os chicos e as chicas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Si, hai estudos publicados ao respecto. As mozas adoitan madurar antes, aínda que non deberíamos xeneralizar. Cada persoa é un mundo.

23. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos persoais, aportando vantaxes e inconvenientes.

As aulas non son máis que un reflexo da vida. Concibiríamos unha vida de homes e mulleres separados? Pois as aulas tampouco. Do mesmo xeito que non considero que o alumnado deba estar separado por capacidades intelectuais, extracto social, etc.

Que estaríamos ensinando, segregando?

24. Detectaches ti algunha vez ditas diferenzas nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, poidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Non.

25. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Eu trato a todo o mundo por igual, sexa home ou muller, licenciado ou sen estudos, do noso país ou de fóra. Desgraciadamente, hai xente que pode atopar nalgún dos condicionantes anteriores un argumento para un trato diferente. Eu non o comparto.

1.2. ISABEL PÉREZ FERNÁNDEZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaches neste centro e durante canto tempo?

Fun directora durante catro anos, desde xullo de 2015 ata xullo de 2019.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Os primeiros dous anos foron semiobrigados, porque tiveron que saír catro persoas voluntarias dun grupo máis numeroso preseleccionado polo inspector do noso centro.

Nesa tesitura, unha compañeira do meu mesmo departamento animoume a formar equipo con ela, argumentando que se ofrecía a ser xefa de estudos se eu aceptaba ser directora. A súa confianza en mín e a súa vehemencia convencéronme para aceptar o reto, aínda que con moitísimas dúbidas e medos.

Os dous anos seguintes foron por decisión propia, porque as catro mulleres do equipo directivo acordamos seguir xuntas porque nos entendíamos moi bien, e porque coidamos que necesitábamnos máis tempo para levar a cabo o labor iniciado.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

O cargo de directora convértete na representante a efectos legais do centro, así como en intermediaria coa administración educativa, polo que debes asinar toda a documentación administrativa do centro.

Ademáis, eres a última responsable de todas as decisións, actuacións e actividades do centro, en consecuencia, debes aprobar os proxectos,

plans e normas de organización, funcionamento e convivencia do centro, ademáis de redactar a maioría deles.

No ámbito da convivencia, decides tamén as sancións das faltas graves de comportamento. De feito, propoñes a incoación e resolución de todos os expedientes disciplinarios.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Cara aos alumnos e familias moita empatía, pero tamén vehemencia e firmeza á hora de trasladar certa información.

Cara aos compañeiros docentes e non docentes, unha combinación de liderazgo e de tolerancia, pois debes saber escoitar e ceder, pero tamén tomar decisións difíciles que non todos comparten.

E na miña relación co resto de membros do equipo directivo, sobre todo, capacidade para traballar en equipo.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

A implicación no cargo desempeñado, por parte das tres mulleres membros do meu equipo directivo e máis eu, e a nosa dedicación a este centro educativo creo que foron importantes, motivo polo que posiblemente o desgaste emocional e intelectual tamén foron considerables.

Persoalmente, considero que catro anos son máis que suficientes para dirixir un centro, pois cada curso académico, a pesar da experiencia adquirida, vai acentuándose a sensación de agotamiento profesional e psicolóxico. Sen dúbida, porque pertencemos a unha sociedade moi complexa e reivindicativa.

Polo tanto, ao remate deses catro anos, nos pareceu o momento idóneo para delegar os nosos postos en profesorado definitivo novo que, sen dúbida, traería aire fresco, entusiasmo e ideas novas á organización e funcionamento deste centro educativo.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche nalgún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Outros inconvenientes importantes son a falta de tempo para relacionarte co resto dos membros do claustro, e, por suposto, o moito que sacrificas o tempo de dedicación a túa familia.

Ademáis, debo dicir que en ocasións te sintes abandonada polos teus superiores na administración educativa, pois en vez de axudarte nos momentos difíciles, pónenche trabas e fan duras críticas ao teu traballo, cando ti so estás loitando polo ben común de toda a comunidade educativa.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaches no teu entorno por desempeñar este cargo?

No entorno laboral son consciente de que, en momentos puntuais, tiven tanto críticas como eloxios, o cal comprendo perfectamente, pois non é posible agradar a todos cando se toman decisións unilaterais e complexas. O importante é non ser rencoroso e esquecelas, pois forman parte da convivencia. Por iso, en conxunto, penso que disfrutamos todos dun ambiente de cordialidade e colaboración bastante agradable.

E por suposto, no entorno familiar, aínda que me apoiaron moitísimo e foron especialmente comprensivos co meu labor profesional, sei que lles parecía inxusta e excesiva a carga de traballo que recaía na directora dun centro, o cal descoñecíamos todos.

8. Tes disfrutado dalgunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo? Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Vantaxes ningunha, máis bien inconvenientes, empezando xa porque sempre se fan moitísimas horas máis das fixadas no teu horario laboral, tanto no propio centro como desde casa.

Importante, en absoluto, máis ben todo o contrario. Sempre me sentín un membro máis do claustro de profesores, pero cunha pesada carga sobre as miñas costas. De feito, intentei sempre esquecer que eu era a última responsable de todo, pois era unha realidade que me asustaba moito, así que vivía ao día, e sempre pedindo a opinión do resto do equipo directivo ou dos compañeiros correspondentes, para sentir que éramos unha soa voz. Ningunha se sentía máis cas demáis, nen sequera nas competencias específicas do seu cargo, pois colaborábamos entre nós constantemente, especialmente a xefa de estudos máis eu.

Tamén é certo que, en xeral, sentín que os meus compañeiros docentes agradecían a nosa dedicación ao centro, facéndonos o traballo máis sinxelo.

E tamén creo que confiaban en nós, é dicir, que nos pedían axuda en relación a certas cuestións legais e académicas. Así que, en certo modo, sí podería afirmar que **te valoran** polos coñecementos que se van adquirindo ao desempeñar o cargo segundo pasan os anos.

E **respetada**, non o sei, quizáis deberían contestar os demáis. Eu só podo asegurar que, en certos momentos delicados e moi moi puntuais, nos que tiven que aplicar unha sanción ou norma que disgustaba especialmente ao seu destinatario, percibín certa actitude defensiva e ofensiva simultaneamente, quero dicir que a conversa desenvolveuse claramente entre seres humanos en igualdade de condicións, tanto tratándose de dous adultos coma dun adulto e un adolescente.

9. Adquiriches algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Especialmente sentín que mellorou a miña capacidade de empatizar coas realidades, vivenzas e opinións dos demáis.

E tamén gañei en humanidade, pois cando eres profesor ás veces só te preocupas dos logros académicos, esquecendo o lado emocional intrínseco a calquera actividade na que se trata directamente con persoas.

Os centros escolares son pequenos universos, sociedades en miniatura, polo que as aprendizaxes humanas, pedagóxicas e incluso

burocráticas que adquires no campo profesional, pódelas aplicar na túa vida cotiá.

Por poñer un simple exemplo, no teu trato cos adolescentes, aprendes estratexias para lidiar na casa cos teus propios fillos e para mellorar as súas habilidades sociais e a súa autoestima.

Ademáis, nos catro anos que loitamos xuntas a miña xefa de estudos máis eu, empapámonos unha da outra, das nosas virtudes e dúbidas, e ao enfrentarnos ás mesmas dificultades, desenvolvimos tamén estratexias similares para superalas.

10. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Para mín foi un reto arrollador e emocionante, aínda que duro e angustioso ás veces, pero en conxunto moi instructivo e estimulante, tanto para a miña carreira profesional como personal.

Creo que sí podería afirmar que axudoume a madurar, a relativizar os problemas e a analízalos máis en frío.

11. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Sen dúbida, me aportou todas esas cualidades, coma xa dixen antes.

12. Disfrutaches deste posto?

Mentres o estás vivindo nunca contestarías que sí. Pero agora, con certa perspectiva, que te permite ser máis obxectiva, a miña resposta sería taxantemente un sí, pois esqueces todo o malo e lembras só os bós momentos e os logros, que son moitos.

13. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, nunhas poucas liñas? Intenta ser autocrítica.

Gustaríame recurrir a un sinxelo xogo etimolóxico para xustificar a importancia dun **Proxecto de Dirección**.

Na miña opinión, trátase dun **documento** fundamental para que un centro educativo camiñe nunha **dirección** concreta, deseñada precisamente polo **director** do centro e o seu **equipo directivo**, que se converten nos guías que **dirixirán** o percorrido da **comunidade educativa**. Ademáis, implica unha **proxección** a longo prazo, para que poidan conseguirse os obxectivos fixados. Sen dito **proxecto** un centro podería ir á deriva ou encallar nos mesmos erros e debilidades.

Personalmente considero que **toda a comunidade educativa colaborou** durante eses catro anos, na medida das súas posibilidades e dentro dos límites das súas competencias, na mellora deste centro educativo, non só apoiando ao equipo directivo e facilitando o seu traballo, senon tamén participando directamente na vida do centro, implicándose nos seus problemas e na toma de decisións, e aportando suxerencias e críticas sempre que era necesario.

Sen dúbida, grazas a colaboración de todos, as liñas de actuación previstas no meu Proxecto de Dirección alcanzáronse maioritariamente, polo que me sinto realmente satisfeita e orgullosa deste logro conxunto.

Ademáis, debo recoñecer que durante estes catro anos descubrín que para mellorar como docente e como persoa é moi necesario traballar durante un tempo fora das aulas, máis preto tanto da administración coma dos nosos alumnos e das súas familias. De feito:

- ✓ Coñeces e analizas a fondo a normativa en materia educativa.
- ✓ Tes a posibilidade de traballar con entidades e profesionais alleos ao centro: profesores de universidade, inspectores de educación, xuristas da administración, arquitectos da Unidade técnica, inspectores de policía, psicólogos de gabinetes externos, asistentes sociais, funcionarios do Servizo de Familias ou da Fiscalía de menores, traballadores do servizo de saúde galega, bombeiros, etc.
- ✓ Melloras a túa competencia comunicadora falando en público ante un auditorio adulto e cada vez máis esixente.
- ✓ Descubres o lado máis humano das persoas coas que convives.

- ✓ Valoras máis o traballo en equipo, aprendendo a tomar decisións colexiadas.
- ✓ Enriquecéste no ámbito da madurez afectiva e psicolóxica dos adolescentes.
- ✓ Coñeces máis de cerca e desde dentro os problemas do teu centro.
- ✓ Aprendes a relativizar os problemas e a xestionar os malentendidos e incidentes dun xeito máis conciliador.

Personalmente, teño moi claro que non podería ter resistido eses catro anos sen a axuda constante e incondicional das tres mulleres que me acompañaron nesa odisea, pois a nosa afinidade e respecto mutuos foron absolutos. Podo asegurar que nunca rifamos nin nos sentimos incómodas, aínda que non sempre estábamos de acordo.

VALORACIÓNS SEXISTAS

14. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferentes para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Rotundamente non. Estou totalmente en contra dos estereotipos de calquera clase. Sen embargo, estou convencida de que homes e mulleres somos, en xeral, biolóxicamente e psicolóxicamente diferentes, así que afrontamos dun xeito distinto as responsabilidades dun cargo, dunha profesión ou de calquera tarefa na vida.

É dicir, penso que non é o cargo, neste caso o de director, o que esixe cualidades diferentes dependendo de se eres home ou muller. Senon ao revés, o sexo pode determinar un estilo diferente de dirección e liderazgo.

15. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Os meus catro anos como directora permitíronme valorar e analizar de cerca o traballo de todos os membros da comunidade educativa, tanto homes como mulleres, e poido asegurar que a eficacia nos seus postos de traballo depende exclusivamente das cualidades da persoa que os desempeña, independentemente de que sexa home ou muller. Pero quizáis me atrevería a afirmar que existen certas cualidades máis habituais en mulleres, tales como a empatía, a paciencia, o autocontrol, a capacidade de escoitar, e incluso o seu instinto maternal, que favorecen a súa labor como titoras, delegadas ou mediadoras.

16. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, se organizan mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse noutras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foches ou es testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Na miña experiencia como profesora e como directora sí fun testemuña dunha presenza máis feminina en ditos postos de responsabilidade, supoño que porque os campos de interese non son os mesmos nas chicas e nos chicos no periodo da adolescencia, desde os 13 aos 18 anos.

Elas teñen unha visión máis global e social dos problemas, son capaces de empatizar máis facilmente cos demais, pois xa arranxaron as súas dúbidas persoais, pero eles aínda non atoparon o seu lugar na sociedade que os rodea.

Gústame afirmar que a estadística non é unha ciencia. O que quero dicir é que non me parece una ciencia exacta e obxectiva, rasgos que penso que deben ser intrínsecos a calquera estudo científico. Por iso, aínda que sí creo que son moitas máis alumnas que alumnos as que se implican nas labores citadas, penso que non debería terse demasiado en conta dito dato, pois pode deberse, ben a circunstancias casuales, que dependen da promoción de cada curso escolar, ou ben ao grado de madurez de cada discente, do seu estilo cognitivo, da súa planificación, etc., dependente ou independentemente do sexo.

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Sen dúbida noutras épocas os roles profesionais estaban moito máis definidos, pero penso que actualmente xa non é así. A información está ao alcance de todos, os plans académicos permiten que chicos e chicas coñezan todo tipo de materias e practiquen habilidades e destrezas tanto humanísticas como científicas ou tecnolóxicas.

Polo tanto, se seguen escollendo máis mulleres ca homes, ou a inversa, determinado tipo de itinerario académico e profesional, será por algo. Evidentemente é unha decisión moi personal, pero se as estadísticas din que predomina un tipo de interese nas mulleres ou homes, quizáis sexa porque exista algunha causa antropolóxica ou psicolóxica que nos invita a dita elección.

O cal, personalmente, non me parece que supoña ningún problema cara á sociedade, pois o único importante é que cada quen disfrute do seu traballo e se sinta realizado como persoa.

18. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse, nos textos lidos e analizados, ou nas explicacións dos docentes?

Penso que, antes de nada, debemos diferenciar entre micromachismos meramente lingüísticos e actitudes ou comentarios machistas. Os primeiros me parecen irrelevantes e incluso ridículos. Pero os segundos, sí creo que son realmente graves, polo que os esforzos dos nosos políticos, dos docentes e das familias deberían ir nese sentido.

Desgraciadamente, como directora, sí fun testemuña de algúns conflitos sexistas graves, o cal demostra que todavía están vixentes no entorno cotiá dos adolescentes e incluso das súas familias. E só en unha ocasión entre os docentes do centro.

Aún que son muller, me debo a miña formación e vocación como lingüista, polo que me gustaría aportar unha opinión o máis científica posible, en relación á actual tendencia de adaptar o xénero gramatical das palabras á igualdade entre sexos no mundo real, e que intentarei resumir a continuación:

EVOLUCIÓN ETIMOLÓGICA

-Existen palabras que evolucionaron desde el latín con sufijos terminados en "-a" o en "-o", independientemente de si se referían a seres sexuados masculinos o femeninos. *Ejemplos: cura, policía, etc.*

-El morfema de género masculino (-o, -e, Ø), es precisamente el morfema no marcado, lo cual implica que su significado es muy ambiguo, inexacto, y por tanto, extensible y generalizador, motivo por el que incluye al femenino.

-En cambio, el morfema femenino (siempre -a) sí es el morfema de género marcado, y por ello excluyente, de significado exacto y selectivo.

-*Ejemplos de género femenino de seres inanimados en "-o", y a la inversa: la foto, la moto, el enigma, el mapa, etc.*

NORMATIVA GRAMATICAL

-Todos los sustantivos creados a partir del sufijo "-ente, -ante", procedentes de un participio de presente o agente (el contrario al participio de pasado o pasivo, terminado en "-ado, -ido"), son invariables, como se aprecia en "amante, estudiante, paciente, presidente, comerciante, representante, atacante, cliente, sirviente, integrante, adolescente, ardiente, existente, ente..." (persona que ama, que estudia, que padece, que preside, que comercia, ... que existe o "que es"), precisamente porque no indican una cualidad, sino una acción, asexualada por tanto.

-Es una mera cuestión etimológica. Debemos aceptar que el español admite un **género neutro, genérico, que engloba ambos sexos**. Por eso, cuando un adjetivo complementa a dos sustantivos, uno masculino y otro femenino, la concordancia se hace en masculino plural: *La bebida y el alimento necesarios para vivir.*

-El género neutro también se percibe en los casos de los sustantivos heterónimos y del masculino plural, como en "el hombre es mortal" o "tengo varios hijos".

Sólo es correcto citar ambos géneros cuando se trata de sustantivos heterónimos, los procedentes de lexemas diferentes, del tipo "toros y vacas, hombres y mujeres, damas y caballeros".

NUEVA NORMATIVA DE LA RAE POR LA PRESIÓN SOCIAL

-Siempre que la profesión acabe en -o, pasa a -a: médica, arquitecta, ministra, ingeniera, mandataria, técnica. Es un error usar *la médico.

-Aunque fijan inexplicables excepciones: la soldado, la sargento, la piloto, la soprano, la contrabajo.

-Entonces, ¿por qué no aplicamos la misma norma en los casos de profesiones terminadas en -a, para que en masculino terminen en -o? ¿y por qué ningún hombre se ofende porque digamos: "periodista, electricista, dentista, motorista, taxista, cura, atleta, futbolista, policía, poeta, artista, pianista, astronauta, pediatra, monarca, guarda o guía"?

-En cambio, las mujeres luchan por normalizar vocablos como: "jueza, médica o pilota".

-Tendríamos que revisar y transformar todas las profesiones, para acabar diciendo que las mujeres: "somos una carga pública o una portavoz o una miembro del gobierno", y muchos más casos extravagantes y cómicos como: "soldada, sargenta, testiga o soprana".

-Sin embargo, **en inglés** los sustantivos que indican objetos, animales y profesiones son neutros y **recurren al pronombre "it"**. Y en consecuencia, **los adjetivos son invariables** al género, evitándose ésta polémica.

19. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de impartir clase?

En absoluto.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

No que afecta a miña materia, "lingua castelá e literatura", teño claro que sí. Os alumnos e as alumnas, en termos xerais, a perciben, a procesan e a estudan de xeito ben distinto.

Ademáis, como de feito confirman os estudos psicolóxicos ao respecto, os nenos e as nenas presentan un ritmo de madurez cognitiva e afectiva moi diferente, o cal afecta especialmente ao seu grado de atención nas aulas e á súa capacidade de traballo na casa.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non, porque a riqueza está na variedade, non só nos caracteres de cada persoa, senon tamén e coma xa dixen antes, porque homes e mulleres temos unha visión diferente dos problemas e quizáis tamén un xeito diferente de afrontalos.

22. Pensas que maduran a unha idade diferente os mozos e as mozas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

En xeral sí. Creo que os chicos alcanzarían o mesmo nivel de madurez que as chicas en torno aos 18-20 anos.

23. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito se está a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personais, aportando vantaxes e inconvenientes.

Últimamente se escoita que, algúns partidos políticos, están suxirindo a posibilidade de voltar a separar aos chicos das chicas nas aulas, aducindo que a súa madurez evoluciona a un ritmo moi diferente e que os seus intereses cognitivos son dispares.

Pola miña experiencia como profesora de literatura, podo asegurar que dito dato é completamente certo. A emotividade permanece dormida nos homes a esa idade: non son capaces de percibir a profundidade nin dos sentimentos nin das dúbidas dunha personaxe, ou, se a perciben, se negan a procesala e a expresala verbalmente nun

comentario de texto. Dalles vergoña ou simplemente lles resulta irrelevante.

Elas, en cambio, teñen xa desenvolvida unha predisposición á dor, á angustia e á felicidade. Empatizan sen dificultade con cada palabra escrita polo poeta, ou coa emoción sentida polas personaxes de ficción.

Sen embargo, elo non implica que sexa saúdatable reinstaurala separación por sexos nos centros educativos. Na miña opinión, esa distancia é salvable, pois en un par de anos haberase equilibrado completamente.

En cambio, é moi necesaria para que ambos sexos coñezan as súas diferencias e as súas peculiaridades, para que aprendan a respetalas e para que descubran cómo aproveitar as fortalezas e debilidades de cada sexo. Porque sen dúbida aflorarán cando decidan compartir despacho, ou convivir baixo o mesmo teito, ou descubrir un mesmo destino.

Porque, nos guste ou non, os homes e as mulleres complementámonos e enriquecémonos mutuamente, precisamente porque somos distintos.

Personalmente, confío en que esa sensibilidade que me esforzo en traballar permanezca latente no seu interior. Sei que, cando a necesiten, a buscarán e poderán atopala.

- 24.** Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Creo que respondín xa na pregunta anterior.

Podería engadir que eles son máis perspicaces nos asuntos gramaticais, de carácter máis abstracto e analítico, e elas nas cuestións simbólicas e literarias.

25. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Eu intentei tratar sempre a todos por igual, de feito os meus pais educáronme nesa línea, e sempre tiveron claro que debía existir respecto hacia a miña persoa, independentemente de ser muller ou home. A dignidade é un valor exclusivo e propio de todos os seres humanos, independentemente da raza, sexo, cultura, etc.

En termos xerais podería dicir que non, pois sempre me trataron con respecto. Pero, desgraciadamente, aínda existen actitudes machistas nese sentido, ás veces incluso por parte de mulleres adultas, especialmente nais de alumnos conflictivos. E, en casos moi puntuais, tamén por parte de profesores e alumnos homes.

1.3. BEGOÑA DAVILA RODRÍGUEZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaches neste centro e durante canto tempo?

Xefa de Estudos, durante catro anos.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Os primeiros dous foron obrigados, pero polo menos permitíronnos formar un equipo. Os dous anos seguintes foron por decisión propia porque me sentía a gusto co equipo co que traballaba e sentía que necesitaba máis tempo para levar a cabo o labor iniciado.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Tomar decisións sobre aspectos importantes da vida académica e as dinámicas de convivencia do centro. Organizar horarios, reunións, coordinar grupos de traballo... Coordinar o traballo dos titores. Ser interlocutora directa coas familias e mediar en conflitos entre profesores /alumnos / familias. Asesorar xunto co departamento de orientación ás familias en asuntos relativos ao rendemento académico e problemas psico-sociais.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Empatía, flexibilidade, asertividade, liderazgo, capacidade para traballar en equipo, saber escoitar, habilidades sociais, ecuanimidade, ser dialogante, rapidez na toma de decisións.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Moita carga de traballo, desgaste emocional, estrés, menos tempo de relación cos compañeiros do claustro.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche nalgún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Disminuíu o tempo que dedicaba á miña familia e aficións. Nas épocas de estrés interfería no meu estado de ánimo e, en consecuencia, as miñas relacións personais.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaches no teu entorno por desempeñar este cargo?

No entorno familiar, que non me compensaba renunciar ao meu tempo pola pouca compensación económica do cargo.

8. Tes disfrutado dalgunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo? Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

A nivel personal, foi una experiencia que me fixo crecer a nivel humano e abrir a mente a realidades alleas á miña. Coñecer mellor as persoas coas que traballo e coñecerme mellor a min mesma. Disfrutar do traballo en equipo, colaborar con outras persoas para conseguir obxectivos consensuados e sentirme apoiada en respaldada polas mulleres que estaban comigo no equipo directivo.

9. Adquiriches algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

En consonancia coa resposta anterior, gañei en sabiduría e humanidade. Tamén fortalecín cualidades como a capacidade de planificación e de toma de decisións.

10. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Si, por todo o que comento nas dúas preguntas anteriores. Tamén me axudou relativizar en maior medida as circunstancias propias e alleas, o que supón una visión da vida máis relaxada.

11. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Exactamente, aportoume todas esas cualidades.

12. Disfrutaches deste posto?

Si, moitísimo, houbo malos momentos, pero os bos superan con creces aos malos.

13. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, nunhas poucas líneas? Intenta ser autocrítica.

Como moitos outros profesores, entrei a formar parte dun equipo directivo sen que estivera nos meus plans vitais nin profesionais, a contragusto, pero unha vez que asumín que non podía rexeitalo, cambiei a miña actitude para encarar o cargo dun xeito positivo. Axudoume moitísimo traballar cun equipo de mulleres coas que me sentía a gusto e que tiñan unha visión da educación similar a miña, nun ambiente de respecto e aprecio mutuo. Tamén foi fundamental sentirme apoiada por moitos colegas, algúns deles anteriores cargos directivos. Nunca me sentín soa, nin nos momentos máis difíciles. A medida que observábamnos que o noso traballo e as nosas decisións se traducían en cambios positivos no centro, nos animábamnos máis a seguir e, por iso, decidimos continuar máis aló do previsto inicialmente. Eses catro anos foron unha das experiencias máis intensas da miña vida, non só a nivel profesional, senon tamén humano. Pero tanto esforzo, implicación e enerxía dispostos tiveron a contrapartida do cansanzo emocional e a fatiga física ao final. Facendo balance agora, quédome cos recordos de todo o bo que dei de min e do moito que recibín de alumnos, familias e compañeiros de traballo nese período da miña vida.

VALORACIÓNSEXISTAS

14. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferentes para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Persoalmente non o creo, pero si que penso que a sociedade espera roles e cualidades diferentes en función de si es home ou muller.

15. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algúndos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Non, depende das cualidades da persoa que desempeña un posto, independentemente de se é home ou muller. Outra cousa é que hai cualidades consideradas tradicionalmente femininas (empatía, cuidar dos outros, paciencia...) que son idóneas para algúns postos como delegada, titora, mediadora... isto non quere dicir que non haxa homes que tamén as posúan e poidan exercer moi satisfactoriamente esas función.

16. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, se organizan mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse noutras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foches ou es testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

En liñas xerais é certo que elas son máis maduras, porque o proceso evolutivo ten un ritmo diferente en función do sexo, pero tampouco é tanta a diferenza, nin unha lei universal. Na medida en que eduquemos en igualdade a nenos e nenas quizáis os nenos maduren antes ou as nenas máis tarde.

Polo que respecta aos adultos, na miña experiencia as mulleres se implican máis en todo o que ten que ver co espírito de comunidade,

por iso creo que se implican moito en determinadas función de responsabilidade.

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Na miña experiencia, é certo que na rama técnica, dentro do itinerario científico-tecnolóxico, sempre hai moitos máis mozos que mozas, e que no bacharelato de humanidades se matriculan máis alumnas. Creo que isto é un lastre que arrastramos e que debemos superar, por iso son moi importantes todas as iniciativas que se levan a cabo para achegar ás nenas ao ámbito STEM; do mesmo modo, os rapaces non terían por que sentir a imposición social de ir a ciencias polo feito de pertencer ao sexo masculino, e deberíamos animalos a coñecerse mellor a si mesmos sin ter que responder nas súas eleccións a estereotipos. Pero non creo que haxa unha explicación biolóxica ou antropolóxica que xustifique a diferenza de intereses e eleccións profesionais.

18. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse, nos textos lidos e analizados, ou nas explicacións dos docentes?

Sí, é inevitable, mentres a sociedade non evolucione a unha igualdade completa, libre de estereotipos de xénero, a linguaxe vai continuar a transmitir as concepcións machistas que lles asignan ás mulleres determinados defectos, actitudes... Os profesores menos, pola responsabilidade do seu posto e porque miden máis as súas palabras.

19. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de impartir clase?

Non son alumna, pero creo que non, a diferenza ten que ver coas persoas, non co sexo. Por exemplo, contradicindo estereotipos, hai profesoras moi autoritarias e profesores moi brandos. E unha etiqueta social asumida que os homes son máis autoritarios e as mulleres máis accesibles e ternas.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Non percibo estas diferencias. Quizáis o que si aprecio é que eles teñen problemas de atención en maior grao que elas.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non, en absoluto. O bo de traballar en equipo é ser diferentes, aportar perspectivas e solución diversas.

22. Pensas que maduran a unha idade diferente os mozos e as mozas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

En liñas xerais, si. Ese nivel similar alcanzaríano entono aos 19-20 anos.

23. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito se está a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personais, aportando vantaxes e inconvenientes.

Volver a separar por sexos sería unha involución. Que sentido ten estar separados nas aulas se noutras parcelas da vida estamos xuntos? Se fose certo que homes e mulleres aprenden de maneira diferente (teño as miñas dúbidas), porque separarse sería bo? Aprende máis e mellor cando se interactúa coa diferenza, iso sempre enriquece. Desde o punto de vista social, separar por sexos contribuiría a

agrandar as diferencias entre sexos cando a sociedade occidental camiña cara a equidade.

- 24.** Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

En liñas xerais, non. E certo que hai moitas máis nenas que expresan abertamente a súa sensibilidade cara a literatura. Supoño que eles non están exentos desa sensibilidade, pero non están educados para expresala.

- 25.** No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

En xeral, non, nunca me sentín cuestionada no meu cargo polo feito de ser muller. Iso non quita que apreciara alguna vez, aínda que poucas, actitudes machistas por parte de compañeiros homes e algúns alumnos.

1.4. ALEJANDRA PEREIRA AÑÓN

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

3 anos de Secretaria.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Porque entedo que é a nosa obrigación asumir algún cargo directivo nalgún momento durante a nosa vida profesional e naquel momento as miñas circunstancias persoais facíano posible.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Xestión económica, xestión de recursos, xestión de persoal non docente, documentación e compartir responsabilidade co resto do Equipo Directivo.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Responsabilidade, organización, traballo, ética, don de xentes, resiliencia.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Facerse cargo de moitas cousas á vez.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Si, dificultades para durmir, preocupacións, quitoume tempo coa familia.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

Non houbo criticas no traballo. A miña familia non entendía moi ben tanta dedicación.

8. Tes disfrutado de algunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

Si, aprendin moitas cousas e sobre todo cómo funciona un centro público. Penso que me fará mellor profesora da escola pública e mellor compañeira.

9. Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Non, tajantemente non.

10. Adquiriste algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Mellorou a confianza na miña capacidade.

11. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Mellorou a confianza na miña capacidade.

12. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Si, máis organizada, previsor, realista e empática.

13. Disfrutaches deste posto?

Non.

14. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, en unhas poucas liñas? Intenta ser autocrítica.

Tratei de cumprir o meu deber o mellor posible. A miña organización é un aspecto a mellorar.

VALORACIÓNS SEXISTAS

15. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Ser home pode ser unha ventaxa á hora de mandar. Aínda penso que sí se nota iso.

16. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Non.

17. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, organízanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foste ou eres testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Non o penso así.

18. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Pode que as humanidades ou ciencias de perfil sanitario sexan máis escollidas polas mulleres. A sensibilidade non se fomenta de igual forma en nenos e nenas.

19. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse os teus compañeiros docentes?

Si, percíbese moito na música.

20. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de concebir a docencia?

Non.

21. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

As libretas das nenas está máis coidadas e completas, en xeral.

22. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Non.

23. Pensas que maduran a unha idade diferente os chicos e as chicas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Si, aos 17 poida que igualem.

24. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personales, aportando vantaxes e inconvenientes.

Non hai que separar porque entón tamén habería que facelo por outros criterios. É boa a diversidade no grupo.

25. Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuseron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, poideches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Cando traballo en grupo busco diversidade pero seguindo diversos criterios. O sexo pode ser un deles, pero hai máis e moito máis importantes, como o rendemento.

26. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Persoalmente non.

1.5. GRACIELA MOURIÑO ESPIÑEIRA

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

O cargo que desempeñei foi a xefatura de estudos por un curso.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Aceptei o posto porque era por un tempo moi limitado e creo que todos temos que pasar nalgún momento pola dirección do centro.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

As responsabilidades que podemos salienta deste cargo son:

- Exercer a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico.
- Elaborar os horarios académicos, e velar polo seu cumprimento.
- Coordinar e orienta-la acción dos titores de acordo co plan de acción titorial.
- Coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.
- Organiza-la atención dos alumnos nos períodos de lecer.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Creo que a templanza é necesaria para levar ben o cargo, precísase ser paciente e pensar ben antes de actuar.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

O peor de todas as obrigas deste posto é ter que "controlar" aos compañeiros e compañeiras.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

A pesares de ser pouco tempo penso que si me afectou na miña vida privada. Non só a falta de tempo, senon tamén o estrés que levaba para casa.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

A verdade non o sei, tampoco me preocupa. Fíxeno o mellor que puiden.

8. Tes disfrutado de algunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

Non.

9. Adquiriste algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Unha vez que rematas sítteste orgullosa de poder levar a cabo a tarefa.

10. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

O que me aportou o pasar pola dirección dun centro e velo doutro xeito. Son capaz de relativizar máis os problemas (relativos a miña materia) e ver máis o conxunto. Podo empatizar coas persoas que exercen a dirección.

11. Disfrutaches deste posto?

Non.

VALORACIÓNS SEXISTAS

12. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Non, creo que no eido da educación somos maioritariamente mulleres e hoxe en día moitas das que exercen este cargo o son.

13. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Non. Creo que o importante son as cualidades das persoas, que poden ser mellores para un posto ou outro, non se é un home ou unha muller.

14. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, orgánzanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foste ou eres testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Creo que é unha cuestión de maduración, en xeral elas maduran antes e no período que están no instituto nótase moito esa diferenza.

15. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse os teus compañeiros docentes?

Si, creo que o tema da linguaxe é un dos que nos queda moito por avanzar. Penso que todavía non empregamos ben a lingua nese senso, eu inclúome tamén.

16. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de concebir a docencia?

Non, creo que depende das persoas non do sexo.

17. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Eu vou a referirme máis aos aspectos motóricos, dado que é a miña especialidade.

Atópome en xeral, con máis rapaces con boas destrezas motóricas, penso que esto ben dado polos seus aprendizaxes anteriores. Dende nenos practican máis actividades e máis diversas o que lle da unha riqueza motriz maior.

18. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Creo que o importante é a sintonía que hai entre o grupo de traballo, sería moi difícil levar a cabo o traballo nunha dirección onde a liña educativa e as ideas non fosen similares.

19. Pensas que maduran a unha idade diferente os chicos e as chicas?
En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Si, xa o mencionei nunha resposta anterior.

Non podo dicir cando se iguala esta diferenza, como en todo depende das individualidades.

20. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personales, aportando vantaxes e inconvenientes.

De ningún modo penso que sexa positiva a segregación por sexos na aula. As diferenzas tamén enriquecen o proceso de ensino.

21. Detectaches ti algunha vez ditas diferenzas nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuseron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, poidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Coma xa comentei nunha pregunta anterior si hai diferenzas entre alumnos e alumnas que non podemos xeralizar. Penso que é bo ter alumnos que destaquen en diversos contidos poden servir aos compañeiros e compañeiras de modelo, o que creo importante e buscar actividades que lle gusten e na que destaquen unhas e outros.

22. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Non lembro ningunha situación na que se teña dado.

1.6. MONSERRAT ESTÉVEZ REINOSA

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

2 anos fun vicedirectora.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Pediumo Virxinia unha compañeira do instituto.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Organizaba todas as conmemoracións e saídas do centro. Tamén encargábame do transporte escolar e os viaxes de fin de curso (xestión da venta de lotería, rosquillas...).

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Ter capacidade organizativa.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Moito traballo, o que se traduce en moitas horas no centro. Sábese cando entras pero non cando saes.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Afectoume na medida en que pasaba moitas horas no centro. Moitas máis das que me correspondían.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

Ningúnha.

8. Tes disfrutado de algunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

Non.

9. Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Non, bueno sí polos conserxes.

10. Adquiriste algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Non.

11. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Axudóume a ver como funciona o centro por dentro e a valorar o traballo dos seguintes equipos directivos.

12. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Sobre todo máis empática.

13. Disfrutaches deste posto?

Moito.

14. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, en unhas poucas líneas? Intenta ser autocrítica.

Gustoume moitísimo o meu traballo como vicedirectora, teño que dicir que a isto contribuíu o gran equipo có que estiven liderado por Virxinia.

VALORACIÓNS SEXISTAS

15. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Non.

16. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Non, pensó que non ten que ver máis co carácter que co sexo da persoa.

17. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, organízanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foste ou eres testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Non estou dacordo.

18. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Penso que antes producíase máis este fenómeno e que agora moi pouco a pouco van cambiando as cousas.

19. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse os teus compañeiros docentes?

Nalgúns casos si, tanto nos rapaces como no profesorado.

20. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de concebir a docencia?

Non.

21. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Non, hai de todo tanto entre os rapaces como nas rapazas.

22. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Non necesariamente, pensó que canta maior variedade exista nos equipos máis enriquecedor será o traballo.

23. Pensas que maduran a unha idade diferente os chicos e as chicas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Si, alcanzan un nivel similar de madurez eu diría sobre os 20-21 anos.

24. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personales, aportando vantaxes e inconvenientes.

Penso que deberían seguir convivindo xuntos, xa que é a maneira de que se coñezan, se entendan e podan convivir sen discriminacións.

25. Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuseron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, poideches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Na miña asignatura EF, é certo que os rapaces a nivel xeral son máis activos e competitivos a partir de 4 de ESO ou 1º de Bacharelato. Nos cursos anteriores non se nota tanto a diferenza.

26. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Non.

1.7. NATALIA CARNERO ÁLVAREZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaches neste centro e durante canto tempo?

Secretaria. Durante catro anos.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizais te nomearon obrigada?

No meu caso, unha compañeira propúxome acompañala no Equipo Directivo que estaba a formar e, naquel momento, non o dubidei: quería coñecer un aspecto distinto do meu traballo e ter novas experiencias.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

A secretaria do centro ocúpase, principalmente de tarefas administrativas e económicas do centro. Entre elas: elabora o orzamento, leva a contabilidade, actúa como secretaria do Consello Escolar e do Claustro, expide -co visto e prace da Dirección- certificacións, leva o mantemento do centro procurando o bo uso das instalacións e equipamento escolar, e calquera outra función que a Dirección -Administración decida encargarlle.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Pois as mesmas que para levar a cabo unha labor de profesor/a: motivación, empatía, compromiso, competencia, organización, colaboración...

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Non sei se é inconveniente, pero si unha preocupación que sempre ten un secretario/a na cabeza: atopar o xeito de sacar o máximo proveito á situación económica.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Prexudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Non considero que o posto me prexudicase. Si que é certo que absorbía moito tempo.

7. Que grao de aceptación e críticas detectaches no teu entorno por desempeñar este cargo?

No entorno profesional o grao de aceptación foi bo. As críticas viñan máis do entorno persoal e familiar.

8. Tes desfrutado dalgunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

A principal vantaxe foi a oportunidade de aprender ao carón duns equipos humanos formados por persoas con pensamentos diversos e coñecer, dende outro punto de vista, a realidade dun centro educativo.

9. Ser máis importante, sentirte máis respectada, por exemplo?

Non considero que o posto me fixera máis importante. En canto o respecto tampouco atopei diferenza antes, durante e despois de estar no cargo.

10. Adquiriches algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Máis que fortaleza ou virtude, como xa comentei, a aprendizaxe é un dos puntos fortes de exercer un posto destas características, máis nun caso coma o meu, no que non tiña experiencia anterior en situacións similares.

11. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Non sei se a madurar, pero si me axudou a ver o mundo da Educación doutro xeito que ata ese momento descoñecía.

12. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizais todo o contrario?

Si que é certo que gañas en empatía porque tes contacto con moitas realidades diversas, que aínda que como profesora/titora xa vives, nun posto directivo dun centro vese ampliado. En canto o resto de características non percibín diferenzas.

13. Desfrutaches deste posto?

En xeral, si. Os comezos e finais de cursos eran complicados, pero grazas ao apoio dos meus compañeiros/as saía adiante.

14. Poderías resumir a túa experiencia persoal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, en unhas poucas liñas? Intenta ser autocrítica.

Pois a modo de resumo, entre as vantaxes enumeraría o que ten que ver coas relacións interpersoais, a oportunidade de novos aprendizaxes e, no que se refire as contras a diferenza que hai entre a teoría e a práctica na Educación.

VALORACIÓNS SEXISTAS

15. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas calidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Non, non creo que as calidades esixidas para o posto sexan distintas para homes ou mulleres.

16. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Non. Non creo que o feito de facelo mellor ou peor nestes postos estea relacionado co sexo da persoa. Si coa súa forma de ser.

17. Que opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, organízanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Fuches ou es testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desempeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Sempre escoitei o de que as mulleres maduran antes que os homes, pero entendo que isto depende máis das situacións e experiencias que viva a persoa.

Creo que os papeis de delegado/a, presidente/a dun club e mediador/a están repartidos entre rapazas e rapaces.

No caso do Equipo Directivo, a miña experiencia no IES Álvaro Cunqueiro diría que si: hai máis mulleres desempeñando os cargos, pero o certo é que a nivel Claustro o número de mulleres é tamén bastante superior.

Non sei se a situación se pode extrapolar a outros centros. Analizando nos que estiven poderíamos dicir que a balanza está nivelada entre homes e mulleres.

18. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Entendo que tanto homes como mulleres escollen determinado tipo de materias atendendo á súa sensibilidade e intereses profesionais e non ao seu sexo.

19. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse os teus compañeiros docentes?

Neste apartado aínda estou aprendendo. De feito, antes de chegar ao Equipo Directivo, non tiña moito en conta a linguaxe inclusiva ao redactar documentos, por exemplo. Eu mesma poderíame considerar como unha persoa que empregaba micromachismos, aínda que non era consciente de que usar a palabra alumnos, para referirme a alumnos e alumnas, fora un micromachismo.

Por esta razón, non creo estar moi capacitada para detectar estes aspectos entre a rapazada. De todos os xeitos creo que dende a Educación estase a contribuír a cambiar pensamentos coma o meu.

20. Percibes a existencia de diferenzas entre os docentes homes e mulleres no xeito de concibir a docencia?

Non. As diferenzas, que evidentemente existen, dependen da persoa que realiza a docencia: o seu carácter, a súa experiencias, as súas competencias...

21. Percibes a existencia de diferenzas nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Nalgúns casos en canto a súa expresión escrita podería dicir que si. Na miña materia é máis habitual atopar rapazas moi organizadas e preocupadas pola presentación dos seus traballos que rapaces. Pero non detecto moitas máis diferenzas.

22. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non. O máis importante nun traballo en equipo é, precisamente, que se poda traballar como tal, como un equipo, con colaboración, comprensión. Non vexo vantaxes ou inconvenientes a facelo só con mulleres ou con homes.

23. Pensas que maduran a unha idade diferente os chicos e as chicas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Anteriormente xa fixen referencia a esta crenza. Non son especialista, pero repito que, o grao de madurez dunha persoa considero que depende máis das experiencias vividas, do entorno no que se desenvolve, que do sexo.

24. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que volver á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar ultimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos persoais, aportando vantaxes e inconvenientes.

Non teño experiencia nunha educación que separa ao alumnado por sexo: nin como profesora nin como alumna. Si a teño, como alumna e profesora, en centros onde rapazas e rapaces conviven nas aulas e comparten actividades. Non lle atopo inconvenientes e creo que a diversidade, incluído o sexo da persoa, é fonte de enriquecemento.

25. Detectaches ti algunha vez ditas diferenzas nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puideches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e

practicar as competencias da túa materia, posto que quizais ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

O certo é que non teño claro o das debilidades e fortalezas de cada sexo. Si que é certo que nunha clase o alumnado é diverso e moitas veces esta característica axuda e enriquece o proceso de ensino - aprendizaxe na aula.

26. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, persoal non docente) como alumnos adolescentes?

Non.

1.8. Rosa Méndez Cortés

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaches neste centro e durante canto tempo?

Vicedirectora. Dous anos.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Nomearonme de xeito obrigatorio.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Organizar actividades extraescolares, días de celebración no instituto, organización do transporte escolar..., pero, sobre todo, apoio e axuda ao resto do equipo directivo.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Paciencia, capacidade de traballo e diplomacia.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

As moitas horas de dedicación e o ter que estar sempre pendente de que os alumnos cumpran os prazos e sexan responsables cos seus compromisos (entrega de xustificantes, actuacións musicais...).

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche nalgún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Non de forma esaxerada, pero claro que me afectou (de forma negativa), sobre todo o feito de non ter horarios e o de levar as preocupacións para a casa.

7. Que grado de aceptación e críticas detectaches no teu entorno por desempeñar este cargo?

Nese sentido sentínme cómoda e apoiada polos compañeiros.

8. Tes disfrutado dalgunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo? Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Non, en absoluto me sentín máis importante e eu, en xeral, sempre me sentín respetada por compañeiros e alumnos.

9. Adquiriches algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Penso que non. A ver, todas as experiencias aportan algo, pero non creo que fose tan significativo.

10. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Creo que non.

11. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Non. Non da tempo a pensar todo iso.

12. Disfrutaches deste posto?

Non. Realiceino o mellor que puiden ou souben, pero estaba desexando deixalo.

13. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, nunhas poucas líneas? Intenta ser autocrítica.

Por un lado, non considero que fose un cargo de gran responsabilidade e, por outro, consideroo como unha experiencia máis da miña vida laboral, que eu non desexaba, dende logo, que asumín porque non me quedou máis remedio e que intentei facer o mellor posible na medida das miñas posibilidades e capacidades.

VALORACIÓNS SEXISTAS

14. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferentes para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Non, non o creo en absoluto. Penso que depende máis da personalidade de cada persoa, independentemente do seu sexo.

15. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Igual que na resposta anterior, creo que depende da personalidade e forma de ser de cada persoa.

16. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, se organizan mellor e por iso obteñen

mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse noutras tarefas e compromisos coa comunidade escolar”, coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foches ou es testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Penso que se hai máis mulleres é por unha simple cuestión estatística: somos moitas máis mulleres que homes no ensino.

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Creo que non. Nas nosas aulas en 2º Bacharelato están igual repartidos alumnos e alumnas en todas as modalidades.

18. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse, nos textos lidos e analizados, ou nas explicacións dos docentes?

Ás veces sí.

19. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de impartir clase?

Non.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión

oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Non especialmente. Penso que é máis unha cuestión de educación no fogar que de sexo.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non, en absoluto. Creo que xa quedou claro que o que valoro nunha persoa é a súa personalidade (e neste caso tamén a capacidade de traballo), independentemente do seu sexo.

22. Pensas que maduran a unha idade diferente os mozos e as mozas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Sí, penso que, en xeral, as mozas maduran antes. Pero non podería precisar unha idade para ese equilibrio. Depende de cada caso.

23. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito se está a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personais, aportando vantaxes e inconvenientes.

A pregunta ofende. Non quero nin saber cales son eses "medios de comunicación".

Nunca na vida o contacto e a relación entre persoas pode empobrecer.

- 24.** Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Por suposto estou de acordo con esta última afirmación.

- 25.** No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Non.

1.9. VIRGINIA BARROS PARRA

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñou neste centro e durante canto tempo?

Directora durante seis anos.

2. Porque te ofreciches para este posto? Ou quizás te nomearon obrigada?

Me nomearon obrigada os seis anos que estiven no centro.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

Control e xestión do centro, relación coa inspección, liderazgo, relación coas nais e pais, propiciar un clima agradable e representar á administración educativa.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar o cargo?

Responsabilidade, saber escoitar, eficacia na organización, empatía, comunicar ben, sentido crítico, ponerte ao día en lexislación, traballar en equipo.

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Dedicación total, abandono da familia. Ademáis, carece de prestixio e de recoñecemento para a dedicación e responsabilidade que require.

EXPERIENCIA PERSONAL

6. Perxudicouche nalgún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou e alguna medida á túa vida privada?

Aumentar o estrés, adicar menos tempo a miña familia, non ter tempo para min mesma.

7. Que grado de aceptación o críticas detectaches no teu etorno òr desempeñar este cargo?

Cando fixen unha avalación para consolidar a dirección tiven un voto negativo e o resto do claustro emitió un voto positivo.

8. Tes disfrutado algunha vantaxe vantaxe ou beneficio por drsempañalo? Ser máis importante sentirte máis respetada, por exemplo?

Coñecer máis de preto ao equipo directivo, forxar unha amizade sincera para o futuro, sentir o cariño dos compañeiros.

9. Adquiriches alguna fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Pensamento crítico, valentía, gratitude, resolución de problemas de xeito común, tratar máis personalmente á xente, claridade na dirección, etc.

10. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Maior seguridade, ser máis positiva. Ter máis confianza en min mesma. Saber traballar mellor en equipo e compartir os pensamentos. Atacar os problemas de forma conxunta, etc.

11. Dirías que esta experiencia aportouche, maior obxetividade, e ser máis xusta, máis imparcial, máis máis organizadora e previsora, máis realista e máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Por suposto que si.

12. Disfrutaches deste posto?

Si. Iba moi contenta a traballar.

13. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando pros e contras nunhas poucas liñas? Intenta ser autocrítica.

Para min foi gratificante, porque cada día é diferente. Pero tamén moi estresante.

VALORACIÓNS SEXISTA

14. Pensas que existe un estereotipo feminino e outro masculino diferentes para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe.

Na miña experiencia, coñecin de todo. Homes, algúns non moi eficaces e outros moi eficaces. As mulleres que coñecin si eran eficaces no traballo. O caso e ter entrega e ganas de traballar.

15. Dirías que una muller desempeñaría algúns dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta del club de lecturas, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora de un grupo de alumnos ou profesora. Por que?

Si falamos de alumnado, xa sabemos que as alumnas maduran antes que os alumnos, polo menos en cursos inferiores, e soen desempeñar mellor esos cargos.

En canto aos cargos directivos, creo que é indiferente, depende da persona.

16. Que opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, se organizan mellor e por iso obetñen mellores notas e teñen tempo libre para implicarse noutras tarefas e compromisos coa comunidade escolar como no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Fuches ou es testemuña desta situación É dicir, pola tua experiencia, dirías que hay máis mulleres representando ditos cargos de responsabilidade mencionados na pregunta anterior?

Está contemplado na pregunta anterior.

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a tua opinión.

Antiguamente o alumnado cursaba máis o itinerario científico, porque tiñamos dous grupos de bioloxía, pero posteriormente tivemos un só grupo. Persoalmente eu creo que é educacional.

18. Detectas micromachismos ou linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do sexo? E no xeito de expresarse, nos textos lidos e analizados, ou nas explicacións dos docentes?

Só unha vez, e nalgunos textos. Falo de hai catro anos.

19. Percibes a existencia de diferencias entre ós docentes homes e mulleres no xeito de impartir clases?

Nunca entrei ás clases dos compañeiros. Non depende do sexo, creo que hai de todo. Depende do interese da persoa.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e , problemáticas sociais, na calidade de expresión oral e escrita. Entre os eus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

O percibo entre mulleres e homes, así como entre homes e mulleres.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non, coido que alumnos e alumnas poden perfectamente traballar en equipo e facer traballos do mesmo modo.

22. Pensas que maduran a unha idade diferente os mozos e as mozas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Si, en xeral a partir de 4º de ESO, pero en algunhas ocasións, sobre todo as alumnas, maduran antes.

23. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito se está a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personais, aportando vantaxes e inconvenientes.

Por suposto que conxuntamente na mesma aula, creo que enriquecen aos dous.

24. Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Non, nunca intentei impartir a miña materia por sexos, sempre permaneceron xuntos na aula. Incluso facendo desdobles. A miña educación foi por sexos separados e pareceume un retroceso.

25. No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Coido que non. Dirixinme da mesmo modo a todos y todas.

1.9. CANDELAS NOGALEDO DE PAZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaches neste centro e durante canto tempo?

Vicedirectora durante catro anos.

Tamén ocupei o cargo de vicesecretaria no curso 1987-88 .

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Fora nomeada Virxinia Barros como directora, ela configurou o equipo directivo, ofreceume o cargo e, posto que era a miña xefa de seminario e sabía o competente e demais virtudes que se precisan e que ela tiña para dirixir un centro, aceptei gustosamente.

POSTO DE RESPONSABILIDADE

3. Que responsabilidades implica o teu cargo?

-Sustituir á directora en caso de ausencia ou enfermidade.

-Coordinar as actividades complementarias e extraescolares, entre elas organizar a excursión de 4º de ESO así como as vendas do alumnado participante para financiar dita excursión.

-Organizar, xunto coa directora e xefe de estudos, os actos académicos.

-Dinamizar e coordinar a Biblioteca.

-Nos anos que estiven tamén me encargaba da organización de préstamos e recollida dos libros de texto gratuitos.

4. Que virtudes cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Penso que facilidade de integrarse nun equipo de traballo, capacidade de traballo, paciencia e empatía co alumnado, profesorado, pais/nais...

5. Que inconvenientes van asociados a este posto de traballo?

Non ten inconvenientes, quizá o exceso de traballo pero lévase ben.

EXPERIENCIA PERSONAL

6-Perxudicouche nalgún sentido aceptar este posto? Tiveches que padecer algún inconveniente ou debilidade? Afectou en algunha medida á túa vida privada?

Non me perxudicou en absoluto e respecto á miña vida privada tampouco.

7-Que grado de aceptación e críticas detectaches no teu entorno por desempeñar este cargo?

Notei un grado de aceptación moi importante a todos os niveis, sen dúbida que sempre hai algunha crítica pero foi constructiva e dende o respecto.

8-Tes disfrutado dalgunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo? Ser máis importante, sentirte máis respetada, por exemplo?

Non son consciente delo, non me sentín mais respetada por ter un cargo directivo porque penso que sempre fun respetada. Sí me sentín moi valorada, tanto por parte dos meus compañeiro do equipo como polo resto do claustro.

9-Adquiriches algunha fortaleza ou virtude grazas a exercer dito posto?

Dinme conta que era máis forte do que eu pensaba, que era quen de facer cousas que nunca pensara que o podería facelo, creía que non estaba capacitada para desempeñar ningún cargo. Nese sentido aprendín a valorarme.

10-Axudouche a madurar? En que aspectos?

Creo que xa contestei na pregunta anterior. Madurar non, pero sí aprender a traballar outros aspectos do ensino. Penso que todos os docentes deberían de pasar nalgún momento por algún cargo directivo, coñécense problemas e vense dende outra perspectiva.

11. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsora, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?.

Máis organizada e previsora do que era, aínda que sempre fun bastante.

12. Disfrutaches deste posto?

Moito.

13. Poderías resumir a túa experiencia personal neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, nunhas poucas líneas? Intenta ser autocrítica.

Eu tiven a sorte de formar parte dun equipo excepcional. Traballamos de forma coordinada e colaborativa, con decisións consensuadas. Cada membro tiña as súas responsabilidades e competencias pero non había compartimentos estanco, todos coñeciamos o traballo dos outros e participabamos del. Eramos un verdadeiro equipo, sempre con Virxinia ao fronte. A mín enseñoume moitísimo, penso que foi unha persoa que dinamizou de maneira increíble non solo o equipo senón todo o centro a todos os niveis.

VALORACIÓNS SEXISTAS

14. Pensas que existen un estereotipo feminino e outro masculino diferentes para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Non. Non depende do xénero sinón da persoa.

15. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada de clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora, secretaria ou xefa de estudos dun instituto, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Penso o mesmo que na pregunta anterior.

16. Qué opinas acerca de que “as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, se organizan mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse noutras tarefas e compromisos coa comunidade escolar”, coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade? Foches ou es testemuña desta situación?

É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Penso que é certo. Creo que teñen maior grado de implicación en xeral.

17. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Penso que é así, polo menos na miña época de docente. Había máis grupos en bacharelato de ciencias da saúde que doutras especialidades.

18. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E no xeito de expresarse, nos textos lidos e analizados, ou nas explicacións dos docentes?

Sí. Máis nos rapaces que nas rapazas. Aínda hai moito que educar.

19. Percibes a existencia de diferencias entre os docentes homes e mulleres no xeito de impartir clase?

Penso que non. Depende da persoa.

20. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nas destrezas e competencias clave, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus alumnos homes e mulleres da mesma idade?

Na metodoloxía, destrezas e intereses pode que sí, no demais creo que non.

21. Cres que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só entre adultos do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxes e inconvenientes habería?

Non. Ningunha ventaxa.

- 22.** Pensas que maduran a unha idade diferente os mozos e as mozas? En caso afirmativo, a que idade dirías que se alcanza un nivel similar de madurez intelectual e emocional?

Penso que sí. Non o teño claro, penso que na adolescencia, a nivel de Bacharelato.

- 23.** A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante que os alumnos dun sexo compartan aula cos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como afectiva entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito se está a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personais, aportando vantaxes e inconvenientes.

Penso que a coeducación é importante e liberadora, favorece a igualdade entre rapaces e rapazas que é absolutamente necesaria posto que na vida adulta teñen que convivir.

- 24.** Detectaches ti algunha vez ditas diferencias nas túas clases polas características intrínsecas a túa materia? Supuxeron un beneficio ou un obstáculo? É dicir, puidiches aproveitar as debilidades e fortalezas de cada sexo ao explicar os contidos e practicar as competencias da túa materia, posto que quizáis ambos sexos se complementan e enriquecen mutuamente?

Non, creo que se complementan.

- 25.** No desempeño do teu cargo, apreciaches algunha diferenza ao tratar a homes e mulleres, tanto adultos (docentes, familias, personal non docente) como alumnos adolescentes?

Non necesariamente. Sigo pensando que depende do carácter da persona máis que do xénero.

2. ALUMNAS COMPROMETIDAS

2.1. XIANA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. **Que cargo de responsabilidade** desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

Delegada en 1º ESO e subdelegada este ano, en 3º ESO.

2. **Por que te ofreciches** para este posto? Ou quizáis **te nombraron obrigada**?

Para saber como era e como funcionaba o centro dende "dentro".

DEFINICIÓN DO POSTO DE RESPONSABILIDADE DESEMPEÑADO

3. **Que responsabilidades** implicaba/implica o teu cargo?

Comunicarte entre a clase e o profesor e fundamentalmente estar dispoñible para o que o profesor mande ou pida (acompañar aos expulsados, encargarse da orde da clase na súa ausencia, ir buscar o que pida...).

4. **Que virtudes** cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Responsabilidade e saber estar.

5. **Que inconvenientes** van asociados a este posto de traballo que afecten á túa vida personal e/ou profesional?

A veces non che apetece ir falar con un profesor ou facer o que te manda.

DESCRIPCIÓN E VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PERSONAL NESE POSTO

6. **Perxudicouche** en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún **inconveniente ou debilidade**?

Non, nada importante.

7. Que grado de **aceptación e críticas** detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

Os que non te votan non te queren nese posto, non lles caes ben...

8. Tes disfrutado de algunha **vantaxe ou beneficio** por desempeñalo?

Perdes clase ao realizar o que o profe manda e sabes cousas primeiro que logo hai que dicir á clase.

9. Ser **máis popular**, por exemplo?

Non, tampouco quero "ser popular".

10. Adquiriste algunha **fortaleza ou virtude** grazas a exercer dito posto?

Supoño que ter un pouco máis de responsabilidades e importarte un pouco menos o que opine a xente.

11. Axudouche a **madurar**? En que aspectos?

Pode ser, ao relacionarte con delegados máis maiores, pero non sei en que aspectos.

12. Dirías que esta experiencia aportouche **maior obxectividade**, permitíndoches ser **máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor**a, **máis realista**, ou **máis empática**? Ou quizáis todo o contrario?

Creo que si, aínda que sendo alumna é imposible ser xusta ou imparcial nalgún problema con un profesor, sempre tes un punto de vista que beneficie máis á clase.

13. Disfrutaches ou **disfrutas** deste posto?

Si.

14. Poderías resumir a túa **experiencia personal** neste posto de responsabilidade, sopesando os pros e as contras, en unhas poucas líneas? Intenta ser **autocrítica**.

Pros: sabes o que pasa no instituto, eres encargada, a veces, de facer algún tipo de actividade, perdes un pouco de clase...

Contras: hai xente á que non tes por que caerlle ben polas túas opinións, non sabes e non tes por que saber actuar nalgunhas situacións...

CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS SEXISTAS

15. Pensas que existe **un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto**? É dicir, este posto esixe **un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo** que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

Penso e quero pensar que non, porque nos tres anos que levo no instituto na miña clase dous anos tiven delegada (un eu) e o outro delegado.

16. Dirías que **unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos**: delegada da súa clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora do instituto, xefa de estudos, secretaria do centro, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Pode ser que algún cargo de responsabilidade na adolescencia si porque a maioría de chicas maduran antes que a maioría de chicos.

17. Que opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, organízanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escolar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade como o teu? Foste ou eres testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que **hai máis mulleres desespeñando ditos cargos de responsabilidade**, mencionados na pregunta anterior?

Si, pode ser, e creo que polo feito de que eles están moito máis educados para xogar a videoxogos.

18. É certo que as mulleres optan por **itinerarios académicos diferentes** que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordes coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Si, é un feito que explica o estudo PISA 2012, moitas mulleres teñen ansiedade polas carreiras de números. Nos exames había un diferenza de 11 puntos entre os nenos e nenas máis brillantes, pero cando escollían a un neno e a unha nena co mesmo nivel de ansiedade, non había diferenzas significativas.

19. Detectas **micromachismos** ou unha **linguaxe sexista** nas conversas dos **adolescentes** ao teu redor, independentemente do seu sexo? E nos exemplos, textos ou explicacións dos **docentes**?

Creo que non, pero maioritariamente porque todos os meus amigos son feministas e imos todos xuntos a calquera tipo de manifestación. Pero si que pode haber micromachismos respecto á roupa ou chicos con masculinidade moi fráxil e que se senten os mellores.

20. Percibes a existencia de **diferencias entre homes e mulleres no xeito de impartir clase os teus docentes**?

Non.

21. **Percibes a existencia de diferencias** nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clases, na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, **entre os teus compañeiros homes e mulleres da mesma idade**?

Penso que na calidade escrita as chicas mostran máis os seus sentimentos.

22. Cres que para **traballar en equipo** sería máis beneficioso facelo só con compañeiros do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Non, os chicos poden aprender cousas das chicas e viceversa, diferentes puntos de vista.

23. Pensas que **maduráis a unha idade diferente** os chicos e as chicas? En caso afirmativo, en que idade dirías que existe un nivel similar de madurez?

Si, arredor dos 19.

24. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo **interesante compartir aula con alumnos do sexo contrario**, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como personal entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos personales, aportando **vantaxes e inconvenientes**.

Na miña opinión é mellor aulas de ambos sexos.

A miña conclusión no traballo que fixemos na clase de lingua castelá sobre este tema foi a seguinte:

Un dos principios básicos que busca a sociedade é igualdade, igualdade en todos os sentidos, que nada dependa do sexo, raza, idade, orientación sexual... polo que debemos promoverlo xa dende os cimentos, dende a infancia para que todos sexan educados igual e teñan as mesmas oportunidades. Porque queiramos ou non, podemos complementarnos.

2.2. CLAUDIA CARVAJAL AGUADO

MOTIVACIÓN PERSONAL

1. Que cargo de responsabilidade desempeñaste neste centro e durante canto tempo?

Fun delegada en 1º da ESO.

2. Por que te ofreciches para este posto? Ou quizáis te nombraron obrigada?

Ofrecínme para este posto porque quería representar á miña clase, que tiveran facilidade de falar co profesorado.

DEFINICIÓN DO POSTO DE RESPONSABILIDADE DESEMPEÑADO

3. Que responsabilidade implicaba/implica o teu cargo?

Ser delegada implicaba manter a clase tranquila cando non estivera o profesor ou profesora, ir ás reunións, comunicar o que se acordaba nas reunións, dicir quen faltaba na clase, etc.

4. Que virtude cres que son necesarias para afrontar dito cargo?

Creo que a virtude que precisarías para afrontar este cargo sería: responsabilidade porque eres a representante dunha clase.

DESCRIPCIÓN E VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PERSONAL NESE POSTO

5. Perxudicouche en algún sentido aceptar este posto? Tiveste que padecer algún inconveniente ou debilidade?

A responsabilidade da orde da clase estaba sobre o delegado, pero os meus compañeiros e compañeiras non respetaban demasiado o meu cargo, e isto, obviamente, perxudicábame, xa que o profesorado regañábanme porque eu era a responsable da clase.

6. Que grado de aceptación e críticas detectaste no teu entorno por desempeñar este cargo?

Un grado bastante normal de aceptación, xa que os meus compañeiros e compañeiras non se tomaban en serio o meu posto, polo que era unha compañeira máis para eles e elas.

7. Té disfrutado de algunha vantaxe ou beneficio por desempeñalo?

Eu creo que non.

8. Ser máis popuar, por exemplo?

Non, a verdade é que non.

9. Axudouche a madurar? En que aspectos?

Sí, axudoume a madurar no aspecto de intentar impoñer a miña autoridade dunha maneira respetuosa, tamén axudoume no aspecto de ser responsable porque representaba á miña case.

10. Dirías que esta experiencia aportouche maior obxectividade, permitíndoche ser máis xusta, máis imparcial, máis organizada e previsor, máis realista, ou máis empática? Ou quizáis todo o contrario?

Esta curta experiencia aportoume unha maior obxectividade e permitíume ser máis imparcial nalgúns casos, como problemas na clase.

11. Disfrutaches ou disfrutas deste posto?

Presenteime para delegada porque quería representar á miña clase, pero non o disfrutei moito, xa que non podía levar a cabo o meu cargo porque os meus compañeiros non me facían caso, por iso non me presenteí como delegada os seguintes anos.

CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS SEXISTAS

12. Pensas que existe un estereotipo feminino e outro masculino diferente para este posto? É dicir, este posto esixe un perfil e unhas cualidades diferentes dependendo do sexo que desempeñe dito cargo? En caso afirmativo, a que cres que se debe?

No posto de delegado ou delegada non creo que haxa un estereotipo masculino e outro feminino que sexan diferentes para este posto, xa que non precisas unas cualidades especiais para desenvolver o cargo.

13. Dirías que unha muller desempeñaría mellor que un home algún dos seguintes postos: delegada da súa clase, presidenta dun club de lectura, mediadora de conflitos, directora do instituto, xefa de estudos, secretaria do centro, titora dun grupo de alumnos ou profesora? Por que?

Na miña propia experiencia sí, xa que nos meus casos as mozas desempeñaron mellor o cargo de delegada aínda que, coñezo outros casos nos que os mozos e as mozas o fixeron igual de ben ou igual de mal.

14. Qué opinas acerca de que "as estudantes mulleres de secundaria son máis maduras, organízanse mellor e por iso obteñen mellores notas e teñen máis tempo libre para implicarse en outras tarefas e compromisos coa comunidade escoar", coma no caso de desempeñar certos postos de responsabilidade como o teu? Foste ou eré testemuña desta situación? É dicir, pola túa experiencia, dirías que hai máis mulleres desempeñando ditos cargos de responsabilidade, mencionados na pregunta anterior?

Creo que todo isto ten que ver coa velocidade que cada sexo ten para madurar, que tamén implica unha maior responsabilidade, maior orde... Polo que creo que é verdadeiro, ademáis eu son testemuña desta situación.

15. É certo que as mulleres optan por itinerarios académicos diferentes que os homes, que prefiren un determinado tipo de materias, máis acordé coa súa sensibilidade e intereses profesionais? Xustifica a túa opinión.

Eu creo que isto é totalmente falso, as materias que ti elixas dependen dos teus intereses, e pola miña experiencia todo o alumnado ten intereses distintos, que dependen da súa aptitude coas materias, sexan mulleres ou homes.

16. Detectas micromachismos ou unha linguaxe sexista nas conversas dos adolescentes ao teu redor, independentemente do seu sexo? E nos exemplos, textos ou explicacións dos docentes?

Na linguaxe dos adolescentes do meu arredor eu son capaz de detectar micromachismos por parte de ambos sexos, mais nos textos ou explicacións dos docentes non detecto ningún.

17. Percibes a existencia de diferencias entre homes e mulleres no xeito de impartir clase os teus docentes?

Creo que non.

18. Percibes a existencia de diferencias nos estilos cognitivos (xeitos de aprender), na metodoloxía utilizada para estudar, nos intereses académicos, no grado de concentración e atención nas clase na sensibilidade comprensiva de textos literarios e problemáticas sociais, na calidade da expresión oral e escrita, entre os teus compañeiros homes e mulleres da mesma idade?

Percibo a existencia de diferencias no ámbitos da metodoloxía para estudar, xa que, na miña experiencia, as mulleres utilizan máis recursos á hora de estudar. Tamén no grado de atención e concentración nas clase, xa que, polo xeral, as mulleres atenden e concéntranse máis. Nos demais aspectos creo que dependen dos teus pensamentos, gustos e capacidade de percibir as cousas.

19. Crés que para traballar en equipo sería máis beneficioso facelo só con compañeiros do teu mesmo sexo? Por que? Que vantaxas e inconvenientes habería?

Creo que sería máis beneficioso facelo con compañeiros de ambos sexos porque cada sexo ten unha maneira de pensar.

20. Pensas que maduráis a unha idade diferente os chicos e as chicas? En caso afirmativo, en que idade dirías que existe un nivel similar de madurez?

Creo que sí, que hai un nivel de madurez diferente entre nenas e nenos. Pola miña experiencia as nenas maduramos antes e posiblemente máis rápido que os nenos. Pero, non creo que exista un nivel similar de madurez.

21. A pesar das posibles afirmacións anteriores, na túa opinión, segue sendo interesante compartir aula con alumnos do sexo contrario, ou habería que voltar á separación de sexos nas aulas, debido a que existe unha diferenza insalvable tanto académica como personal entre ambos sexos, que dificulta e empobrece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, como de feito estase a escoitar últimamente nos medios de comunicación? Xustifica a túa opinión con argumentos coherentes e con exemplos.

Na miña opinión non debería ser así por varias razóns. O feito de que a madurez de ambos sexos desenvólvese a distinta velocidade non quere dicir que a "solución" sexa dividir as aulas, é dicir, se un alumno ve e percibe que a súa compañeira é moi madura e que todo o fai razoadamente, isto vai facer que el sexa influenciado pola súa madurez, intentando facer o mesmo que ela e, polo tanto, incrementando a súa madurez pouco a pouco.

Tamén hai excepcións, hai nenas que son menos maduras que nenos e viceversa, polo que, é beneficioso para ambos, mozos e mozas, porque complementanse, imitan os puntos fortes de o outro sexo e aprenden os seus erros para mellorar. Respecto ao meu anterior argumento todo varía dependendo da idade e qué mozas e mozos sexan, polo que, hai mozas e mozos que non aprenden dos demais nin se fixan nas

personas do seu redor. Polo que, podería ser un bo experimento separar as aulas por sexo para ver cómo desenvólvense os estudantes no seu novo entorno.

Desde o meu punto de vista como alumna, moitas veces soñei cunha clase na que só houbera nenas, polo simple feito de que atoparíame máis cómoda. Pero cheguei á conclusión de que non sería así. A distracción que, ás veces, producenme algunhos dos meus compañeiros, fai que o meu cerebro esfórcese máis para concentrarse e iso axúdame a entender as cousas mellor, porque está máis activo. Polo que non me gustaría que nos separaran.

En conclusión, non estou a favor de que se separen as aulas por sexo porque creo que ambos sexos traballan e esfórzanse máis cando os dous conviven xuntos.

Pero, só existe unha maneira de sábelo, e eu creo que a mellor opción sería facer un experimento para saber cómo avanzamos en ambos espacios.